7	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00		0,00
8	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00		0,00
9	1.564.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1.564.000,00		1.564.000,00
TOTAL	18.626.143,54	4.601.745,24	42.506,20	1.507.474,27	277.925,00	25.055.794,25	3.751.750,55	21.304.043,70

SEGUNDO: Aprobar o cadro de persoal que figura como anexo do orzamento e que se aproba conxuntamente co orzamento de acordo co disposto no artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

TERCEIRO: Proceder á exposición pública do orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose, definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.”

O **Sr. Alcalde** indicou que se levaban dous anos cos presupostos prorrogados e realizou unha breve desagregación das cantidades asignadas ás empresas municipais, organismo autónomo e concello, destacando a diferenza substancial producida en “Nauta” e o superávit de aproximadamente 1.457.000 euros, co obxectivo de depurar o remanente de tesourería negativo, a efectos de conseguir a finais deste ano unha situación de estabilidade. Continuou dicindo que o presuposto contaba coa fiscalización favorable de intervención, cumpría o plan de axuste e os parámetros legais e se trataba dun orzamento realista, posto que antes, ano tras ano, se inflaba o presuposto e agora non, poñendo como exemplo “Nauta”. Finalmente o interveniente aludiu as cantidades que se recoñeceron como consecuencia de sentenzas xudiciais, como a do SU-13, de 900.000 euros ou o importe das

expropiacións de O Revel, para as que se contempla unha cantidade superior en 100.000 euros ás aprobadas polo Pleno, ante o previsible incremento que se producirá como consecuencia da intervención do xurado de expropiación e o aumento importante que se produce para emerxencia social, á parte da posibilidade de acudir ao Plan “Jessica” de aforro enerxético, e todo isto sen ter en conta os investimentos do Plan Concellos da Deputación, configurando un presuposto ilusionante.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, aludiu a que para dicir o que manifestou o **Sr. Alcalde**, o presuposto podía aprobarse xa en outubro do ano pasado, xa que estes orzamentos politicamente teñen moitos defectos, recordando que a convocatoria dunha única comisión obrígalles a votar en contra, ao non deixar ao Partido Popular participar no expediente mais importante, producíndose un desprezo a oposición. O interveniente sinalou que pediron outra comisión mais e dixéronlles que non podía ser por unha cuestión de datas para conseguir a subvención do aforro enerxético, preguntándose o edil no uso da palabra que lle custaría ao goberno chamar á oposición e chegar a un consenso, esperando que senón se aproban neste pleno os presupostos, non os aproben na Xunta de Goberno, xa que deberían falar e dialogar coa oposición. Por último e con respecto ao millón de euros que hai para dispoñer, preguntou ao goberno que medidas adoptou para conseguir ese aforro, posto que cría que ningunha e rematou para dicir que van votar en contra polas formas de tramitar este presuposto.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, sinalou que ía votar en contra destes presupostos porque, para o asunto mais importante, só chamárono cara a unha semana e non se pode revisar toda a documentación en catro días, recordando que estivo dous meses no goberno municipal e non houbo ningunha reunión para os presupostos e, nos dous meses que leva fóra do goberno, tampouco, preguntándose onde está o cambio, posto que non contan coa oposición porque saben que poden aprobar os presupostos en Xunta de Goberno e o que terían que facer dende o goberno era falar e discutir coa oposición.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que os presupostos expoñen a vontade política e as prioridades dun goberno e lembrou que levaban dende o ano 2013 cos presupostos prorrogados e que, naquel exercicio, se aprobaron a finais de xuño de 2013, mais tarde que agora. O interveniente aludiu a que non se puido traer antes o presuposto porque había unha situación de tesourería insostible e primeiro había que verificar todos os datos, entre eles, a liquidación. Puntualizou que había unha restrición de gasto considerable, tendo en conta que cando chegaron ao goberno municipal o presuposto prorrogado ese ano estaba practicamente esgotado, precisando que a novidade deste orzamento era a recuperación do investimento, con propostas de aprobación de diversos plans, como o anual de gasto corrente non estrutural, no que se contemplan auditorías para verificar o cumprimento dos contratos feitos no seu día ou en materia de urbanismo, buscando sempre o interese público. Tamén contempla un plan de modernización e transparencia desta administración, un plan de actividades medio ambientais, culturais, deportivas e de turismo, un incremento destinado a acción social urxente de mais de 150.000 euros e tamén actuacións nas contornas urbanas, parques infantís e patrimonio, que se suma ao plan concellos, que xa está detallado, sen que se inflen os orzamentos, como se facía antes. Por último destacou a importancia dos 800.000 euros destinados a incrementar a débeda para obter a subvención de aforro enerxético, sen que o seu nivel suba por encima do permitido e evitando a privatización do alumeado público, como no seu día pretendeuse, configurando uns presupostos que, na medida do posible, atenden á realidade.

O **Sr. Martín González** empezou dicindo que escoitando ao Concelleiro de Facenda parecía que se tiña aínda mais superávit do existente, puntualizou que non puxo o anterior interveniente os nomes

e apelidos ao que ían dedicar o superávit e solicitou explicacións sobre a actuación en materia de aforro enerxético, engadindo que pedían que o asunto quede sobre a mesa para discutir novamente o presuposto en comisión e traelo novamente ao Pleno, xa que entendían que podían permitirse o atraso dunha semana. O interveniente matizou que o Partido Popular no seu goberno non inflaba os presupostos, porque senón estes non terían os informes favorables como os ten o actual e, en cambio, o goberno municipal non tivo o trato que debía coa oposición, precisando que están en contra de que se cren cinco prazas mais e da auditoría en materia de persoal, sen saber o seu motivo. O concelleiro no uso da palabra díxolle ao anterior interveniente que a transparencia se mostra andando e que, para iso, o que podían facer era colgar o presuposto na páxina web do concello, esperando que tivesen vontade política de consenso, antes que aprobar os orzamentos pola Xunta de Goberno.

O **Sr. Agís Balboa** explicou que pediu o borrador do presuposto a finais de abril e non llo facilitaron, engadindo que seguían sen dotar de persoal a “Omix” e se destinaban 50.000 euros a turismo, cando xa se viabilizou a empresa municipal, ademais de que era necesaria a modernización da administración pública, botando en falta a non especificación nos presupostos das actuacións, non estando de acordo en que se tramitase o presuposto nunha semana e que apoiaba a realización de novas reunións para discutir os orzamentos.

O **Sr. Otero Domínguez** precisou que os borradores eran un documento interno, non oficial para manexo do alcalde e do goberno, a efectos de que dende a alcaldía fixése a correspondente proposta, documento definitivo que se deu a coñecer a todos os concelleiros. Continuou dicindo que o 95% do presuposto son gastos comprometidos, sendo a novidade o superávit e lembroulle ao **Sr. Martín González** que inventou os plans directores sen concreción algunha e que non se executaban, aludindo por último a que, no caso de que non se aprobe o presuposto, teñen varias opcións como seguir co presuposto prorrogado ou aprobalo pola Xunta de Goberno, finalizando para dicir que vía normal que ao Partido Popular non lle gustase que se realizasen auditorías.

O **Sr. Alcalde** indicou que un dos obxectivos do presupostos era depurar o remanente de tesourería negativo, que no documento ían cuantificadas as asignacións de cada concellería, e que, noutros orzamentos, so houbo unha comisión previa a aprobación e que en ningunha delas levantouse un concelleiro da comisión, como agora fixo o **Sr. Guisasola Padín**, o que lle sorprendeu, xa que o 95% dos presupostos son gastos estruturais que o citado concelleiro, que asumiu a responsabilidade de facenda, debería coñecer perfectamente. O interveniente aludiu a que este goberno era partidario do diálogo, pero que tiñan que asumir a súa responsabilidade, lembrándolle ao **Sr. Martín González** que no que ía de lexislatura chamouno mais veces das que o chamaron a el dende a Alcaldía en toda a anterior, aínda que algunhas veces non conseguiu localizalo, destacando a importancia de proceder a aprobación do presuposto e a ausencia de presentación de emendas e de alternativas por parte da oposición.

O **Sr. Martín González** destacou que pola súa parte, podendo facelo, non realizou un debate agre e indicou que non puideron traer emendas, posto que había que presentalas na comisión.

O **Sr. Agís Balboa** explicou que en catro días e con tres mil folios, non podían pretender que aínda por encima presentasen emendas.

O **Sr. Alcalde** puntualizoulle ao **Sr. Martín González** que as emendas puideron presentalas o día seguinte ao do celebración da comisión e que a documentación a tiveron a súa disposición dende o luns.

O Sr. Secretario preguntoulle ao Sr. Martín González si pedían que o asunto quedase sobre a mesa, tal e como aludiu nunha intervención anterior, contestando o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular que non realizaba tal petición.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu o ditame sobre o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2016, Orzamentos Separados e Cadro de Persoal a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Abstencións: 0.

En consecuencia, non se alcanzou na votación a maioría necesaria para a aprobación do **“PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2016. ORZAMENTOS SEPARADOS. CADRO DE PERSOAL”**.

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DO CONCELEIRO ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA DE DATA 05/04/16 (RE Nº 3156) COMUNICANDO QUE DEIXA DE FORMAR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL. O Sr. Secretario dá lectura ao citado escrito que, a continuación, se transcribe literalmente:

“Como xa expliquei onte no pleno do 04 de abril de 2016, o concelleiro Roberto Carlos Agís Balboa non deixa a súa acta, pero deixa de apoiar o grupo de goberno actual, quedará como oposición e pide que se retiren as súas competencias en cultura, festexos e xuventude, así coma tamén as correspondentes competencias nos consellos de administración de Terra, Insula, Nauta e Turismo así como algúnha outra competencia que poida haber e non sexa compatible o ser agora membro da oposición”.

Devolverei as chaves e o teléfono nos próximos días.

So decir para terminar que vou coa cabeza ben alta e o traballo ben feito. Isto que non o dubide ningún.

Moitas Grazas.”

A Corporación deuse por enterada.-----

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 05/04/16 DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DO CONCELEIRO SR. AGÍS BALBOA, NOMEAMENTO DE NOVOS TENENTES DE ALCALDE E MODIFICACIÓN DAS DELEGACIÓN DOS TENENTES DE ALCALDE E CONCELEIROS/AS. O Sr. Secretario dá lectura á citada resolución que, a continuación, se transcribe literalmente:

“O Sr. Agís Balboa, mediante escrito de 05 de abril de 2016 rexistrado co número 3156 presentado no concello o mesmo día, indicou que pedía que se lle retiraran as súas competencias en cultura, festexos e xuventude, así como nos Consellos de Administración do OA “Terra de Sanxenxo”, “Nauta Sanxenxo, S.L.”,

“Insula Sanxenxo, empresa municipal da vivenda e solo, S.L.” e “Turismo de Sanxenxo, S.L.”, así como calquera outra non compatible co feito de ser agora membro da oposición.

Visto este escrito e ante a vontade do citado concelleiro de non formar parte do goberno municipal, procede unha remodelación do réxime de delegacións da alcaldía, así como de composición da Xunta de Goberno Local, Consello Administración do OA “Terra de Sanxenxo” e das tenencias de alcaldía, polo que, de conformidade co disposto nos artigos 20.1b), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos artigos 61 e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e art. 14 do Regulamento Orgánico Municipal **RESOLVO:**

PRIMEIRO: aceptar a solicitude de **D. Roberto Carlos Agís Balboa** e, polo tanto, **deixar sen efecto o nomeamento** feito no seu día como **membro da Xunta de Goberno Local, 4º tenente de alcalde, como concelleiro de cultura, festexos e xuventude e como membro do Consello de Administración do OA “Terra de Sanxenxo”**, dende a data desta resolución.

SEGUNDO: nomear como **membro da Xunta de Goberno Local** á concelleira **Dª Sandra Fernández Agraso**.

TERCEIRO: nomear a **D. José Daniel Fernández Piñeiro, 4º tenente de alcalde** e nomear a **Dª Sandra Fernández Agraso, 5º tenente de alcalde** (ocupando a tenencia da alcaldía que antes desta resolución ostentaba D. José Daniel Fernández Piñeiro).

CUARTO: modificar as **delegacións dos tenentes de alcalde e concelleiros/as** que a continuación se citan e no sentido que tamén se indica:

-Ao **1º tenente de alcalde D. David Otero Domínguez**, se lle delegan as atribucións da alcaldía na área de **“comercio”**, que se engaden ás que xa tiña de **desenvolvemento económico, emprego e facenda**.

-A **5º tenente de alcalde Dª Sandra Fernández Agraso**, se lle delegan as atribucións na área de **“cultura”**, que se engaden ás que xa tiña en **benestar social, educación e normalización lingüística**.

-Ao concelleiro **D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez** se lle **retiran as delegacións** respecto das atribucións da alcaldía en materia de **“comercio”** e se lle engaden ás de **“festexos e xuventude”**, ás que xa tiña en **“turismo, comercio e deportes”**.

QUINTO: ante a aceptación da renuncia de **D. Roberto Carlos Agís Balboa** a pertencer ao Consello de Administración do OA “Terra de Sanxenxo” se manteñen os restantes membros do Consello e Administración sen realizar nomeamento novo algún.

SEXTO: estas delegacións requiren para a súa efectividade a aceptación por parte dos seus destinatarios, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde a notificación da resolución, o destinatario da delegación non fixera constar expresamente ante a alcaldía a non aceptación da delegación.

SÉTIMO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e se publicará no “Boletín Oficial da Provincia”, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura. Dado en Sanxenxo a cinco de abril de dous mil dezaseis.”

A Corporación deuse por enterada.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DO CONCELEIRO ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA DE DATA 02/05/16 (RE Nº 4305) COMUNICANDO QUE DEIXA DE FORMAR PARTE DE “SANXENXO PODE” E PASA A SER CONCELEIRO NON ADSCRITO. O Sr. Secretario dá lectura ao citado escrito que, a continuación, se transcribe literalmente:

“...Solicito pasar a ser Concelleiro Non-Adscrito, o desvincularme por completo do meu partido Sanxenxo PODE como se acredita mediante el acuerdo de expulsión definitivamente que se refleja en el acta de la asamblea del 28.11.2015 que figura en la página web de Sanxenxo PODE y de la cual adjunto una copia.

Independientemente que yo también quede desvinculado del partido al haber presentado en su día mi renuncia como miembro de Sxx PODE..

Solicito: que previos os trámites e demais que o caso requira me conceda o anterior nos termos expostos. Sanxenxo, 2 de Mayo de 2016.”

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 15/04/16 (R. ENTRADA Nº 3657) REMITINDO COPIA DO XUSTIFICANTE DE ENVÍO TELEMÁTICO DA LIQUIDACIÓN DE 2015. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor**, de 15 de abril de 2016, rexistrado de entrada co número 3.657, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remítolle copia do xustificante do envío telemático correspondente á liquidación do ano 2015, con todos os documentos anexos, para a súa elevación perante o Pleno da Corporación.

I.-Dedúcese cumprimento das medidas de consolidación fiscal seguintes:

Estabilidade orzamentaria

Regra do gato

Nivel de débeda (todos os entes separadas e en consolidación).

Corto prazo: 1.000.000,00 euros

Entidades crédito: 7.412.927,68 euros

F.F.P.P.: 1.946.517,08 euros.

Total: 10.359.444,76 euros.

II.-Resultado orzamentario: é positivo na entidade local e negativo en Terra de Sanxenxo e positivo en consolidación.

III.- Remanente de tesourería para gastos xerais: é negativo en todos os entes e negativo en consolidación. Sanxenxo, 15 de abril de 2016”.

Adxunto a este escrito figuran 88 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 88, tendo os números 2,3, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 17, 19, 21, 22, 25, 26, 34, 35, 37, 38, 40, 41, 42, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 52, 54, 56, 57, 58, 59, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86 e 87, volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/04/16 (RE Nº 4115) POLO QUE SE INDICA QUE CON ESA DATA COMUNICOUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor** de 27 de abril de 2016, rexistrado de entrada co número 4.115, que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 27.04.16, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciárase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 27 de abril de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 3.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/04/16 (RE 4116) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2016. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 27 de abril de 2016, rexistro de entrada número 4.116, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 4º trimestre de 2015, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 4º trimestre de 2015 e o 1º trimestre de 2016 é a seguinte

4º trim 15	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	31,82	26,22	22,24	11,08	0,00
PMPP	1,82	6,37	9,24	0,00	29,41

1º trim 16	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	35,52	36,74	15,91	4,21	4,33
PMPP	28,27	76,06	20,78	1,00	117,18

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora [y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales](#). Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los [artículos 222.4 y 235.1](#), la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia.Sanxenxo, 27 de abril de 2016”

Adxunto a este escrito figuran 15 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 15, transcribíndose a continuación os correspondentes aos folios 1 ao 5, ambos incluídos e que conteñen o INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010, do Concello de Sanxenxo, O.A.Terra de Sanxenxo, Nauta Sanxenxo S.L., Insula Sanxenxo S.L. e Turismo Sanxenxo S.L. :

“CONCELLO DE SANXENXO”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTR E	1	AÑO	2016
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20						
Art. 21	47,86		23,00	14.126,36	62,00	38.520,84
Art. 22	33,71		159,00	243.066,08	272,00	367.704,83
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	47,62				8,00	37.550,99
				257.192,44		443.776,66
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	62	3.134,84				
Inversiones	6	389,71				
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		3.524,55				0,00

CONCELLO						
Pendiente de pago						
Dentro período legal pago				Fuera período legal pago		
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	23,18		16,00	5.418,84		
Art. 22	28,44		70,00	174.486,97	107,00	34.290,19
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	16,00		1,00	645,90		
				180.551,71		34.290,19
CONCELLO						
Pendiente de reconocimiento						
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

OA “TERRA DE SANXENXO”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	1	AÑO	2016		
TERRA						
Pagos realizados en el trimestre						
Dentro período legal pago			Fuera período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	26,08		8,00	77.000,01	6,00	76.197,01
Art. 21	47,68		11,00	1.776,27	17,00	7.880,89
Art. 22	52,22		41,00	17.226,80	114,00	90.325,88
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin						

desagregar						
Cap. 6	27,24		2,00	12.329,90	3,00	2.278,67
				108.332,98		176.682,45
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	42	2.186,83				
Inversiones	2	83,37				
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		2.270,20				0,00
TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21						
Art. 22	76,06				27,00	57.921,77
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				0,00		57.921,77
TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	1	AÑO	2016

NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	15,86		78,00	52.111,11	4,00	15.277,02
Inmovilizado (2)	28,00		2,00	290,00		
Sin desagregar						
Total				52.401,11		15.277,02
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	21,82		22,00	73.208,97		
Inmovilizado (2)	2,25		2,00	4.126,10		
Sin desagregar						
Total				77.335,07		0,00

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2016
INSULA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	4,21		3,00	220,34		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				220,34		0,00

	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	1,00		1,00	80,67		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				80,67		0,00

“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	1	AÑO	2016		
TURISMO	Pagos realizados en el trimestre					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	4,33		8,00	1.719,85		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				1.719,85		0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TURISMO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	117,18		1,00	114,95	3,00	4.995,90
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				114,95		4.995,90

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/04/16 (RE 4117) ACHEGANDO INFORME SOBRE A EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 1º TRIMESTRE DE 2016. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 27 de abril de 2016, rexistrado de entrada co número 4.117, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao primeiro trimestre de 2016, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro.Sanxenxo, 27 de abril de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 54 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 54, tendo os números 2, 3, 5,7, 8, 10, 11, 12, 16, 17, 18, 24, 25, 27, 29, 30, 32, 33, 34, 36, 37, 38, 43, 44,45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, e 54 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 29/04/16 (RE 4229) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON ESA DATA SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2016 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 29 de abril de 2016, rexistrado de entrada co número 4.229, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao primeiro trimestre de 2016, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 29.04.16, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 29 de abril de 2016”

Adxunto a este escrito figuran 58 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 58, tendo os números 1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57 e 58 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

12º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 05/05/16 (RE 4500) COMUNICANDO A REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, DE INFORMACIÓN SOBRE RETRIBUCIÓNS DOS ENTES LOCAIS (INFORMACIÓN SALARIAL DE POSTOS DA ADMINISTRACIÓN-ISPA). . O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 05 de maio de 2016, rexistrado de entrada co número 4.500, que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 04.05.16 foi remitido ao Ministerio de facenda e administracións públicas, vía telemática, a información sobre retribucións dos entes locais contemplado na Orde HAP/2105/2012 (Información salarial de postos da administración – ISPA), da cal se achegan os xustificantes de envío. Sanxenxo, 5 de maio de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 7 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 7.

A Corporación deuse por enterada.-----

13º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 01 DE MARZO AO 29 DE ABRIL DE 2016 (DE RES. Nº 286/16 A RES Nº 579/16). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as, as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 01 de marzo ao 29 de abril de 2016**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

Antes de pasar a quenda de rogos e preguntas formuláronse as seguintes:

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE “NAUTA SANXENXO”

S.L. (R. ENTRADA Nº 5.122 DO 20/05/16). A Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“María Deza Martínez, voceira do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN SOBRE A PARTICIPACIÓN NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE NAUTA SANXENXO S.L

Nauta Sanxenxo S.L. é unha empresa de titularidade 100% municipal; que naceu da man do Partido Popular para a xestión dun dos grandes emblemas do noso Concello e patrimonio de tódolos veciños: O Porto Deportivo Juan Carlos Primeiro.

O 17 de xullo de 2015, no salón de plenos da Casa Consistorial, conformábase, co voto en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, o novo Consello de Administración desta sociedade mercantil despois das pasadas eleccións municipais.

Como eu mesma manifestei, consideramos un erro que o Consello de Nauta estea conformado unicamente por membros do equipo de goberno, deixando fóra á oposición (naquel momento formada unicamente polo grupo que represento) e tamén aos representantes dos diferentes sectores aos que a xestión desta entidade lles afecta directa ou indirectamente.

Cabe recordar que, durante o goberno do Partido Popular, membros do actual tripartito, naquel momento na oposición, manifestaron reiteradamente estar en contra desta mercantil e da compra do Porto Deportivo, e agora forman parte do seu Consello de Administración.

O cuatripartito, agora tripartito, no seu pacto de Goberno prometía, e cito textualmente: *“Acordamos dotar ao concello de Sanxenxo dun goberno único e estable, que terá como principios básicos a responsabilidade na xestión e no gasto, a simplificación e eficacia administrativa a transparencia e o diálogo”* así como *“A transparencia obtense proporcionando unha información precisa e detallada aos veciños e veciñas a través das diferentes canles de información.”*

Pero un ano despois, e tras negarnos de xeito reiterado as copias das actas dos Consellos de Administración de Nauta Sanxenxo S.L., así como o expediente da obra de remodelación da Praza do Mar, preguntámonos ónde quedou o prometido, pero xa se sabe como ben nos ilustra o refraneiro popular *Donde dije digo, digo Diego...*

Por todo o anteriormente exposto, como grupo que representa ao 41% dos veciños de Sanxenxo, para poder cumprir coa nosa labor de fiscalización do Goberno e para facer cumprir ó tripartito coa súa promesa de transparencia, o GMPP eleva ao Pleno deste Concello, esta moción sobre a participación no consello de administración de Nauta Sanxenxo S.L.,

E, instamos ao goberno a:

-Incluír no Consello de Administración de Nauta Sanxenxo a membros de tódolos grupos políticos con representación na Corporación Municipal, así coma ao concelleiro independente e a representantes dos sectores económicos e sociais do concello. En Sanxenxo, a 20 de maio de 2016.”

A **Sra. Deza Martínez** xustificou a urxencia da moción porque, cando se designaron os membros do Consello de Administración, xa solicitaron a súa presenza neste.

O **Sr. Alcalde** precisou que ían votar a favor da urxencia da moción, como a todas as que se presenten.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o

Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Deza Martínez** destacou que, coa presenza do Partido Popular no Consello de Administración, se enriquecerían as propostas que se ían facer e, ao mesmo tempo, denunciou que se lle rexeitase a solicitude de documentación da citada mercantil.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, apoiou o fomento da transparencia e da participación, coa presenza en “Nauta” dos membros da oposición, non entendendo que se permitise nas outras dúas sociedades mercantís e nesta non, aínda que se mostrou en contra de que nunha sociedade integramente municipal estivesen representados sectores alleos ao concello, polo que, se se suprime o derradeiro parágrafo da moción, votará a favor da mesma. O interveniente aludiu a que se se pedía documentación e non se concedía, está a crearse un veto e dando lugar a que a xente pense mal.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que o Partido Popular quería que estivesen representados en “Nauta” sectores económicos que antes non o estaban, só estivo o Club Náutico de Sanxenxo, apostando por un deseño distinto ao existente dende que se constituíu a citada empresa, posto que nunca participou a oposición e agora o único que pretendían era entrar neste Consello de Administración, cando no mesmo se discuten temas latentes para a sociedade mercantil e que non se deben coñecer con carácter inmediato, engadindo a súa sorpresa pola actitude do concelleiro non adscrito, que no seu día renunciou a estar presente e agora quere volver.

A **Sra. Deza Martínez** aclarou que a mención á transparencia figuraba no pacto do actual goberno municipal e que, no seu día, o CETS formou parte do Consello de Administración, destacando tamén o recurso que contra os pantaláns interpuxo o anterior goberno dende o Consello de Administración, expresando que ían aportar ao consello a súa experiencia de xestión porque querían entrar con carácter positivo. A concelleira no uso da palabra dixo que aceptaban o proposto polo **Sr. Agís Balboa** e retiraban da súa moción a mención a representación de sectores externos ao concello.

O **Sr. Agís Balboa** explicou que era esencial fomentar a participación e no Consello de Administración tiñan que estar representados todos os grupos políticos, porque se trata de empresas publicas onde hoxe séguese exercendo unha especie de veto.

O **Sr. Otero Domínguez**, logo de indicar que chegaba o segundo acordo da noite entre a oposición, destacou que se confirmaba a venda do sector económico do concello polo Partido Popular a cambio dunha presenza no consello de administración. O interveniente destacou que dende o goberno se estaba a loitar para viabilizar as sociedades municipais e evitar un burato financeiro insostible e que se estaba traballando moito mais no consello de administración do que se fixo na anterior corporación, lamentando así mesmo que persoas que agora queren entrar no Consello de Administración non respectaron o que alí se comentaba, intervindo neste momento a **Sra Deza Martínez** para expresar que, se se referían a ela e a unha situación determinada, non foi nun consello, senón nunha conversación particular.

O **Sr. Alcalde** precisou que se trataba dunha sociedade mercantil, á que lle afectaba a normativa referente a este tipo de sociedades e que, cando se negou a solicitude de documentación, foi en base a un informe xurídico, porque non se podían facilitar copias a persoas que non forman parte do

consello de administración, engadindo que non ían apoiar a moción.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción, coa supresión na parte dispositiva do texto “e a representantes dos sectores económicos e sociais do concello”**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos seguintes termos na súa parte dispositiva:**

“-Instar ao goberno a:

Incluír **no Consello de Administración de Nauta Sanxenxo** a membros de tódolos grupos políticos con representación na Corporación Municipal, así coma ao concelleiro independente.”--

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A REBAIXA DO IBI (R. ENTRADA Nº 5.123 DO 20/05/16). O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Marcos Guisasola Padín, voceiro do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN PARA A REBAIXA DO IBI

O imposto sobre bens inmobles, é un imposto do sistema tributario local en España, regulado no real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, de texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

A base liquidable do IBI está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, unha vez aplicadas as reducións establecidas na lexislación. A cota íntegra do imposto a pagar polo obrigado tributario é o resultado de aplicar o tipo de gravame á base liquidable -o valor catastral-. Neste senso, para calcular a cota a pagar polo IBI, non se ten en conta a capacidade económica do individuo polo seu nivel de renda, senón polo valor catastral do inmovible do que é titular.

O Concello de Sanxenxo no ano 2011 traballaba cos datos da última revisión catastral que databa do ano 1996. A creación do PXOM, no ano 2003, levaba consigo implícita unha actualización dos datos catastrais, polo que se solicitou unha revisión catastral e a entrada dunha nova ponencia no ano 2015, coa inclusión de máis de 9.000 unidades urbanísticas, pasando de 30.900 no ano 2014 a 39.100 no 2015.

Para poder aplicar o novo tipo no ano 2015, foi preciso que no 2014, en sesión plenaria deste concello, se acordara a modificación do tipo de gravame do IBI, á proposta do anterior goberno do Partido Popular dunha redución do 20%, pasando do 0.60% ao 0.48%.

Despois da entrada en vigor da nova ponencia, os valores catastrais vanse a ir incrementando anualmente nun 10%. Este incremento do 10%, suporá un volume importante de ingresos para o vindeiro ano e sucesivos, ingresos que poden sobradamente facer viable unha revisión profunda e sería dos actuais tipos impositivos do IBI. Polo que entendemos que, xa no ano 2015, deberíase ter aplicado e revisado o tipo, así como realizada unha modificación da ordenanza, tanto no seu tipo xeral como nas bonificacións permitidas por lei, para beneficio de todas as familias, empresas e, en xeral, de tódolos veciños de Sanxenxo.

Por outro lado, hai que ter en conta que esta modificación se pode facer mantendo o potencial recaudatorio que se viña dando no ano 2014 e, polo tanto, o equilibrio presupostario.

Dende o GMPP consideramos, cos datos actuais, que este concello está en condicións de volver a realizar unha rebaixa de, como mínimo, outro 20% para o ano 2017.

Ademais, dentro do regulamento, no referente ás bonificacións, segundo o artigo 74 da lei de facendas locais 2/2004, "bonificacións potestativas", pódense incluír bonificacións de ata o 90% en zonas con menos servizos, ata o 90% a familias numerosas, e ata o 50% a vivendas con medidas de aforro enerxético, entre outras.

Esta moción que presentamos hoxe ten como finalidade, tamén, beneficiar a todas aquelas familias do noso Concello que teñen dificultades económicas.

Por todo o anteriormente exposto, e despois de que o goberno actual non tivera presentado ningunha proposta de modificación desde tipo de gravame durante o ano 2015, e esperando contar coa vontade política do goberno tripartito, o GMPP eleva ao Pleno do Concello de Sanxenxo, esta moción para a rebaixa do IBI,

E, instamos ao goberno a:

-Iniciar de forma urxente o expediente para a modificación da ordenanza fiscal do IBI e que se proceda a unha valoración por parte dos servizos técnicos de intervención do Concello para que, nun prazo máximo de 3 meses, desde este pleno, se poida debater e fixar o novo tipo para o ano 2017, así como as bonificacións a incluír.

-Estudar a posibilidade da aprobación dunha bonificación que permita axudas de ata un 50% sobre o importe da cota íntegra do IBI para o ano 2017, correspondente á vivenda habitual de aquelas persoas que sexan suxeitos pasivos de dito imposto e que estean empadroadas en Sanxenxo. En Sanxenxo, a 20 de Maio de 2016."

O Sr. Guisasola Padín xustificou a urxencia da moción porque querían que o 31 de decembro de 2016 estivese aprobado o novo tipo do IBI, para que entrase en vigor no ano 2017.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O Sr. Guisasola Padín precisou que se no ano 2015, en momentos mais difíciles, se aprobou unha rebaixa, agora vían factible outra dun 20%, que aliviase aos veciños.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, manifestou que ía votar a favor da moción, puntualizando que tiña unha similar presentada e que o texto da moción non era de aprobación definitiva, senón de iniciar a tramitación do expediente.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que a proposta empezaba repregando velas, xa que só instaba a tramitar unha rebaixa, explicando a

continuación que o PXOM aprobado no seu día polo Partido Popular, estaba destinado a promover operacións de compra e venda de terreos, elevando os prezos do mercado, polo que se no ano 2003 se houbese feito a revisión catastral, evitaríase que moitas empresas non pagaron nada. A continuación o interveniente incidiu en que, como consecuencia do decreto aprobado polo goberno de **Mariano Rajoy**, se incrementou o tipo ao 0.60%, aínda que logo se volveu a un tipo superior ao existente no momento da aprobación do decreto, resaltando tamén o perigo que se corre agora, posto que no plan de axuste se puxo de garantía do préstamo do pagamento a provedores, as cantidades derivadas do IBI e destacou que no ano 2015 se recadou menos que no ano 2014 e que aínda tiñan que verificar se se daban as condicións para facer as bonificacións.

O **Sr. Guisasola Padín** aludiu a que non podía discutirse que o anterior goberno municipal baixou o tipo do 0.60 ao 0.48%, co voto en contra dos partidos do actual goberno municipal, agás o PSOE que aprobou a redución e que espera que tamén apoie esta moción. O concelleiro no uso da palabra explicou que o plan de axuste se aprobou no ano 2012 e o concello cumpriu escrupulosamente, conseguindo que en xuño de 2015 o pagamento aos provedores se reducise a menos de 30 días, en cambio o actual goberno municipal, nun ano, non fixo nada.

O **Sr. Agís Balboa** aludiu a que a moción podería ter defectos, pero está moi clara para debater e estudar a aprobación duns novos tipos e bonificacións do IBI, para evitar que os veciños paguen como consecuencia dun PXOM que non se fixo ben e unha posterior valoración que tivo en conta prezos da época de burbulla inmobiliaria.

O **Sr. Otero Domínguez** reiterou que non se volveu ao tipo existente con anterioridade a aprobación do decreto e dixo que ía modificarse a ordenanza reguladora, pero non porque a propoña o Partido Popular, preguntándose porque non o fixeron no ano 2014. Finalmente o concelleiro no uso da palabra, dixo que ían votar en contra da moción porque estaba plantexada dun modo demagóxico.

O **Sr. Alcalde** precisou que no ano 2015 se ingresaron 400.000 euros menos que en 2014 polo IBI, a pesar de que xa entrou en vigor a ponencia de valores e que, unha vez que se coñeceran todos os datos, verían a posibilidade de aplicar as bonificacións, modificando a ordenanza fiscal correspondente.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.**-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE APOIO AOS

COLECTIVOS SOCIAIS, CULTURAIS E DEPORTIVOS POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. A Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Telmo Martín González, voceiro do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN PARA O APOIO AOS COLECTIVOS SOCIAIS, CULTURAIS E DEPORTIVOS POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O sistema de axudas directas que viña mantendo a Deputación, contribuíu de forma decisiva á promoción das actividades deportivas, culturais e de acción social en toda a provincia de Pontevedra durante os últimos anos. Esta institución converteuse nun motor esencial para a mellora da calidade de vida dos veciños da provincia, mediante as distintas axudas e subvencións coas que apoia ao resto de administracións e a todos os veciños.

Gracias aos distintos plans de axudas da Deputación, existentes ata o 2015, os distintos colectivos que operan no concello puideron adquirir instrumentos musicais, vestiario, materiais esenciais para a sostibilidade da súa actividade, etc. Así mesmo, equipos, asociacións e outros colectivos centrados no deporte puideron organizar competicións ao máximo nivel, fomentar a práctica deportiva, os modos de vida saudables na mocidade e moitas outras actividades relacionadas co deporte.

Por outra banda, durante o ano 2015, preto de 300 colectivos da provincia recibiron a través dos Plans de Acción Comunitaria (PAC) un millón de euros destinados a apoiar aos colectivos veciñais, na realización de investimentos para os que os seus recursos resultasen insuficientes, e coa particularidade de que os beneficiarios eran directamente as agrupación veciñais, que decidían libre e voluntariamente os proxectos que propoñían e levaban a cabo. Así, puideron mellorar o seu entorno con actuacións como a traída de augas, o acondicionamento de camiños e pistas, a mellora de instalacións deportivas e o propio mantemento e equipamento das asociacións.

A día de hoxe as asociacións veciñais, culturais, deportivas e sociais do noso Concello están vendo como coa entrada do bipartito na Deputación se eliminaron estas axudas directas. Este cambio de prioridades fíxose ás costas dos colectivos, sen dar explicacións nin deixar argumentar aos beneficiarios destas axudas. Esta decisión deixa proxectos a medias, que os colectivos non poderán rematar, ademais de por en perigo as actividades e proxectos que se viñan realizando así como outros de nova creación.

Dende as administracións, e en particular dende os concellos, nunca valoraremos dabondo a utilidade e o traballo que asociacións e colectivos veñen realizando en pro da cultura, do deporte, das tradicións e do desenvolvemento social.

Por todo o anteriormente exposto, o GMPP eleva ao Pleno do Concello de Sanxenxo, esta moción para o apoio aos colectivos sociais, culturais e deportivos por parte da deputación de Pontevedra.

E, instamos ao goberno a:

-Informar aos grupos municipais e aos colectivo, culturais, deportivos e sociais do concello de Sanxenxo do importe e a natureza dos fondos transferidos pola Deputación de Pontevedra en substitución das axudas para actividades sociais, culturais e deportivas e Plans de Acción Comunitaria e outros programas destinados a apoiar ás agrupacións veciñais na realización de investimentos, así como as condicións e prazos para acceder aos mesmos.

-En caso de que o anterior non sexa posible, pola non existencia de ditos fondos, solicitar pública e explicitamente á deputación de Pontevedra a recuperación dos Plans de Acción Comunitaria, e a convocatoria de axudas concretas de apoio ao deporte, á cultura e ao ámbito social para o exercicio 2016 e sucesivas. En Sanxenxo, a 30 de maio de 2016.”

A **Sra. Lago Martínez** xustificou a urxencia porque a estas alturas, os colectivos sociais non saben que vai pasar coas axudas da Deputación.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Lago Martínez** dixo que, como consecuencia do cambio de goberno na Deputación Provincial, se modificou a forma de funcionar cos colectivos e dende esa institución se lles dixo que os cartos están agora no concello, polo que dende aquí se debe informar.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, manifestou o seu apoio aos colectivos sociais, culturais e deportivos e a que queiran saber a situación na que se encontran e se en realidade están os cartos no concello.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que o anterior interveniente, pola súa presenza no goberno municipal no seu día, coñecía as liñas de subvención dirixidas aos concellos e explicou que o que variou na Deputación era a libre disposición que tiña o anterior presidente e que se trataba dun método rendible electoralmente e sectario, pero agora o que se pretendía era que todos os colectivos tivesen igualdade de oportunidade, para evitar a estrutura clientelar que existía antes.

A **Sra. Lago Martínez** acusou ao anterior interveniente de facer política, posto que os colectivos o único que queren saber é se agora os cartos están no concello e a finalidade da moción é apoiar a estes sectores.

O **Sr. Agís Balboa** indicou que informar aos colectivos é sinxelo e que, se existe esa desinformación, é un problema.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que non estaba para defender a Deputación, pero que sempre era positivo que as subvencións fosen por concorrencia competitiva e non por libre designación.

O **Sr. Alcalde** mostrouse favorable a eliminación da libre disposición no reparto de subvencións pola Deputación e explicou que dentro do plan concellos estaba perfectamente delimitado a que se destinaba a aportación da Deputación, indicando que ían votar en contra da moción.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 1 (Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Dada a situación de empate, o **Sr. Presidente volveu a someter a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 1 (Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Ante o novo empate producido na votación, decidiu o voto de calidade outorgado polo **Sr. Presidente** que, **como membro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, foi en sentido negativo, polo que non resultou aprobada a moción anteriormente transcrita.-----**

4º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, SR. AGÍS BALBOA, SOBRE A CORRECCIÓN DE ERROS NA APLICACIÓN DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI) (R DE ENTRADA Nº 5.319 DO 26/05/16). O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente :

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 30 de maio de 2016, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN SOBRE A CORRECCIÓN DE ERROS NA APLICACIÓN DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES (IBI)

Unha vez coñecida a pregunta solicitada ao Pleno por parte da Asociación Plataforma Veciñal Sanxenxo referente á denuncia por parte desta asociación de veciños e veciñas de Sanxenxo das irregularidades legais e técnicas da ponencia de valores que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2015, expoño os seguintes puntos:

Dende a entrada en vigor no 1 de xaneiro do 2015 aínda non se redactaron as bonificacións establecidas no artigo 74 da Lei Reguladora de Facendas Locais, respaldándose no cumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

Sen embargo, esa mesma lei, no seu art. 12.5, prevé que se debe destinar íntegramente os ingresos obtidos por encima dos previstos no presuposto á redución do nivel de deuda pública, é dicir, o superávit. Así que se baixa a recaudación en cumprimento do art. 31 da Constitución Española, e o art. 3 da Lei Xeral tributaria, nos que se dí que os tributos teñen que ser xustos, deben ter en conta a capacidade económica do contribuínte e a equidade, baixaría o superávit pero non se incurriría en ilegalidade.

Os valores que se aplicaron na ponencia son do ano 2008 (en plena burbulla inmobiliaria), e non existe unha memoria de cálculo que os xustifique, a pesar de que a norma 3 do RD 1020/93 facía necesario que se realizara un estudo de mercado local, e non un a nivel provincial. Non pode ser que o valor catastral dunha vivenda sobrepase a valoración de realización do seu proxecto de obra.

Por outra banda, dende o ano pasado, contamos co art. 30.1 da Lei 13/2015 de Reforma da Lei Hipotecaria e da Lei do Catastro Inmobiliario, a cal permite ao Concello promover e iniciar un procedemento simplificado para adaptar o PXOM á realidade urbanística ante a Delegación Xeral de Catastro. Non se entende que non se use esta lei, sabendo que se está infrixindo claramente os dereitos dos contribuíntes; xa que a maioría dos sólos do concello son de uso agrario ou rural e no PXOM están mal catalogados.

Antes de proceder á ler os acordos a considerar polo Pleno, dareille paso á exposición e formulación da pregunta da Asociación Plataforma Veciñal Sanxenxo, metida por instancia no rexistro do concello de Sanxenxo con número 5158, o luns 23 de maio do 2016.

De acordo co anterior, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- 1- Revisión do PXOM do concello de Sanxenxo para que se adapte á realidade urbanística do concello.
- 2- A solicitude á Xerencia Territorial de Catastro de Pontevedra, unha aplicación dos criterios de valoración que se axusten á realidade.
- 3- Que se faga un estudo socioeconómico en prol de garantir que os principios de capacidade económica e non confiscatoriedade sexan cumpridos, mediante a redacción simultánea das bonificacións previstas por lei.
- 4- Que se teña en conta non só o planteamento urbanístico senón a factibilidade real, é dicir, que se aplique o tributo só a aqueles casos que cumpran as ordenanzas urbanísticas municipais. Sanxenxo, a 26 Maio de 2016. Asdo: Roberto Carlos Agís Balboa.”

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia porque o IBI o pagan todos os que teñen unha propiedade, sendo a súa problemática, polo tanto, urxente.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Agís Balboa** explicou que, no seu día, o PXOM se fixo a correr e a ponencia de valores foi no 2015, tendo en conta os valores do ano 2008, cuns prezos altos e que é necesario adaptar posto que hai xente que paga conforme a esta valoración e non pode tampouco construír.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, anunciou a abstención do seu grupo, posto que o primeiro punto non o entende moi ben e preguntouse que sería deste concello senón se houbera aprobado o PXOM.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, destacou que o relator desta moción votou en contra do orzamento, que levaba unha partida para modificación de planeamento e, en cambio, agora pide unha revisión do mesmo e precisou que esta moción, dende o punto de vista xurídico, carecía de viabilidade, xa que o presuposto acotou uns espazos de expansión de solo edificable que non se poden reconverter a outro tipo de solo tan facilmente, engadindo que a subida dos valores catastrais era consecuencia da época do ladrillo e que aínda que a vontade era boa na moción, non era factible dende o punto de vista de seguridade xurídica.

O **Sr. Agís Balboa** aludiu a que se podía facer unha revisión do PXOM e que apoiaba as reivindicacións da plataforma veciñal.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 1 (Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción anteriormente transcrita**.-----

5º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, SR. AGÍS BALBOA, PARA HABILITAR APARCAMENTO NA VILA DE PORTONOVO (R. DE ENTRADA Nº 5.318 DO 26/05/16). O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente :

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro non adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 30 de maio de 2016, para o seu debate a seguinte

MOCION PARA HABILITAR APARCAMENTO NA VILA DE PORTONOVO

O Concello de Sanxenxo é un dos municipios turísticos que máis visitantes recibe na época estival. Un volumen de xente que demanda unha serie de servizos na súa estancia no noso Concello, xa que a densidade poblacional deste período se multiplica cáseque por oito.

Un dos problemas que observamos é a falta de aparcamento na vila de Portonovo. Esa falta de aparcamento fai que os visitantes non se animen a recorrer as rúas da vila e consumir nos distintos establecementos, cos conseguintes perxuízos para a economía local.

Por todo o exposto pensamos que Portonovo necesita unha solución definitiva para este problema; mentras esta solución chega consideramos que é urxente habilitar aparcamentos de forma temporal en terreos públicos e privados que se encontran en desuso chegando a acordos cos propietarios no caso dos terreos privados, usando incentivos como a bonificación ou exención no IBI, ou a limpeza gratuíta dos mesmos. Este proxecto suporía un coste económico para as arcas municipais moi baixo.

Según os nosos cálculos tal e como adxuntamos nos planos fotográficos poderíanse habilitar entre 500 e 800 plazas de aparcamento aproveitando e explanando os terreos que propoñemos a continuación:

P1-2-3 - PEI situados na zona da Xunqueira e zona da rotonda de Baltar-Portonovo-Adina (propiedade privada)



P4 - Rúa Bella Vista/Igrexa (propiedade privada)

2. Que por parte dos servizos xurídicos do Concello se estude de maneira pormenorizada as posibles compensacións ou incentivos que se poidan aplicar para acadar acordos cos propietarios dos solares sin uso en Portonovo e habilitar ditos inmobles como aparcadoiros públicos e gratuitos, tal como se expón nesta moción.

3. Chegar a acordos cos propietarios citados no punto anterior. Sanxenxo, a 26 Maio de 2016.”

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia polo problema de prazas de aparcadoiro en Portonovo.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Agís Balboa** reiterouse nos argumentos que figuran na moción.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, anunciou o voto a favor, porque a moción era moi similar a outra que anteriormente presentou o seu grupo neste pleno.

O **Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, procedeu a analizar cada un dos lugares propostos na moción e, con respecto ao de propiedade municipal, estrañouse que se solicite esta habilitación como aparcadoiro, cando o propio concelleiro relator sabía a inclusión da rehabilitación deste lugar dentro do plan da Deputación. Polo que respecta ao espazo privado da rotonda de Baltar, parece que os propietarios xa chegaron a un acordo co Portonovo, polo que non semella que se poida conseguir nada. Ademais o interveniente indicou que non era posible a exención do IBI, aínda que estaban dispostos a chegar a acordos en base a limpeza dos diversos espazos, precisando tamén a dificultade existente no lugar proposto na rúa Bellavista, posto que é propiedade do Banco Santander e se está a espera do que se poida facer, unha vez que chegue o novo director.

O **Sr. Agís Balboa** indicou que, como consecuencia da moción, se lle facilitou información e que por suposto non pretendía obstaculizar o acordo ao que chegou o Portonovo e que a finalidade da moción era conseguir un incremento de prazas de aparcadoiro.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, destacou que no espazo público xa está acordado a execución dunha obra de rehabilitación dentro do plan da Deputación.

O **Sr. Alcalde** anunciou o voto en contra polo motivo xa reiteradamente exposto da parcela municipal dentro do plan concellos e pola real imposibilidade salvo dun espazo para poder habilitar os doutros lugares como aparcadoiros.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.**-----

6º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, SR. AGÍS BALBOA, PARA RETRANSMITIR, GRAVAR E DIFUNDIR AS SESIÓNS PLENARIAS (R. DE ENTRADA Nº 5.373 DO 27/05/16). O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro non adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 30 de maio de 2016, para o seu debate a seguinte:

MOCIÓN PARA RETRANSMITIR, GRABAR E DIFUNDIR OS PLENOS MUNICIPAIS

Un dos puntos do famoso pacto de goberno do cuatripartito e agora tripartito foi o da transparencia. Sen embargo, pouco se fixo para levalo a cabo. Esta transparencia tan necesaria na administración pública debe comezar coa mellora da información contida na páxina web tanto en fácil acceso como en contidos, potenciar a administración electrónica, etc. Por outra banda o concello está obrigado a cumprir a **Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno**, con entrada en vigor e de obrigado cumprimento en todas o órganos das Comunidades Autónomas e Entidades Locais o 10 de decembro de 2015.

Os plenos municipais son una das partes máis importantes para os vecinos e veciñas do concello de Sanxenxo, pois neles tomáanse as decisións que nos afectan a todos e todas, sen excepcións. Aínda que éstos se celebran cada dous meses e pola noite, non todo o mundo pode acudir a eles. Por outra banda, moitas veces se alguén quere repasar algo que pasou durante o plenos, a única ferramenta da que dispón é a súa memoria e as actas. Sen embargo, as actas non reflexan todo o que pasa nos plenos. Calquera que lea unha acta dun pleno sen estar nel, perde gran parte da información, polo tanto a información e a transparencia resíntense. A retrasmisións dos plenos vía streaming, a grabación destes e o feito de poñelos a disposición dos vecinos e veciñas evitaría esta merma na calidade de información e o concello gañaría en transparencia.

Varios concellos da noso entorno, como Cambados ou Ribadumia, xa o comezaron a facer. Ese acceso en directo aos plenos de todas as persoas interesadas no mesmo sen ter que moverse do lugar no que esté, simplemente con ter acceso a internet e un dispositivo móbil, PC, ipad, ou similar, xunto coas sesións grabadas con voz e son, subidas á páxina web do concello de Sanxenxo (ou Youtube) suporá un verdadeiro exemplo do exercicio de transparencia.

De acordo co anterior, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

- 1- Retransmisión en directo dos plenos vía streaming.
- 2- Grabación dos plenos (son e imaxe) que se subirán a páxina do concello ou plataforma dixital Youtube tan pronto como sexa posible. A grabación completárase coa acta do pleno unha vez aprobada.
- 3- Instalar un proxector e unha pantalla no salón de plenos que axudará nas presentacións, debates,...durante as sesións plenarias.
- 4- Compromiso de habilitar unha partida presupuestaria para poder levar a cabo todo o anterior (compra e instalación de cámara e micrófonos, proxector, pantalla, sonido, cableado, e o sistema informático

necesario para a retransmisión via streaming, ademáis dunha partida para cubrir horas de personal si fixera falta).

5- Compromiso de facer o posible para ter todo listo de cara o seguinte pleno municipal a finais de Xullo deste ano. Sanxenxo, a 27 Maio de 2016.”

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia pola necesidade de darlle maior transparencia a actividade municipal, recordando que os plenos xa se retransmiten en moitos concellos.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que ían votar a favor, lamentándose de que isto non se fixera co cuadripartito.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que parecía que o relator estaba copiando iniciativas que se pensaban desenvolver dende o goberno municipal, posto que xa se falou desta posibilidade e tiñan a vontade de facelo, aínda que non vía necesaria a instalación do proxector e da pantalla, nin a referencia a que estea preparado no vindeiro pleno.

O **Sr. Agís Balboa**, indicou que esta moción era en defensa da transparencia e que, dentro do presuposto do concello, apenas supoñía diñeiro.

O **Sr. Alcalde** destacou que era fácil falar sen ter en conta o que custa realizar as diversas actuacións, engadindo que ían a votar en contra polo exposto anteriormente pola **Sra. Rodríguez Búa**.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.**-----

ROGOS

-O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao escrito que, a continuación, se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro non adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por

razóns de urxencia, **eleva ao Pleno da Corporación do 30 de maio de 2016, os seguintes rogos**

ROGO 1.

Como ben saben os veciños do Outeiro (Dorrón) están medio incomunicados xa dende hai dous anos ou máis e agora teñen que percorrer uns 400 mts para acceder a Magaláns, cando antes eran tan só 20 mts. Isto é debido a que se lles eliminou dito acceso coa construción da carretera, aínda inacabada, que está a facer a Deputación de Pontevedra. Isto está a causar incomodidade e malestar nos veciños desa zoa e de Dorrón en xeral, xa que nadie busca unha solución. Eu xa llo prantexei o Sr. Alcalde máis dunha vez cando formaba parte do goberno, e a excusa viña sendo que era un tema da Deputación. **Polo tanto, rogo o concello (a través de vostedes, Sr. Alcalde e grupo de goberno, ademais da administración) que faga todo o posible para que se solucione canto antes o problema do acceso o Outeiro (Dorrón) xa que os pais e nais levan os nenos o colexio a diario, a xente maior que camiña ou vai a igrexa..., non entenden de si é problema dun ou de outro, o único que piden, e con razón, é que se lles arregre o problema do acceso. Xa van sendo horas.**

ROGO 2.

Rogo que revisen a colocación e repoñan onde sexa necesario os famosos espellos convexos de tráfico nas saídas perigosas do concello. Algún parece leva roto bastante tempo e aínda non se repuxo (ex. Baixada de de Bordóns a Nanín), etc.

ROGO 3.

Rogo que se aprobe e se aplique canto antes a ordenanza que regula as terrazas e ocupación pública no Concello de Sanxenxo dado que o descontrol no cumprimento das normas urbanísticas e ocupación que todos vostedes coñecen.

ROGO 4.

Noutros concellos cando se fan reunións (consellos de administración, comisións, etc) fano polas tardes porque pensan tamén nos membros da oposición. No meu caso por exemplo, debido o desprazamento a Vigo para o meu traballo, as reunións a media mañá cortanme o día completo de traballo. Por outra banda, cando un pide documentación por rexistro agradece que se entregue o antes posible, como di o regulamento. **Polo tanto, rogo o Sr. Alcalde e resto membros do goberno que se convoquen ditas reunións a primeira (8:00-9:30) ou última horas da mañá (13:30-15:00), si pola tarde non é posible, e que se entregue a documentación que se pida por rexistro canto antes e cumprindo o prazo dos 5 días si é posible.** Sanxenxo, a 30 de Maio de 2016."-----

PREGUNTAS:

-O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que desexaba unha pronta recuperación ao funcionario Sr. Villaverde Otero e, unha vez coñecido o arquivo das causas penais seguidas no xulgado de Cambados, felicitou, a toda a xente que no seu día estivo implicada e que o pasou mal.

-O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, preguntou ao Sr. Alcalde si compartía s as manifestacións realizadas polo primeiro tenente de alcalde respecto dos motivos da creación dun novo posto en urbanismo que parecían demostrar desconfianza respecto do persoal do citado negociado.

O **Sr. Alcalde** contestou que o que se pretendía coa creación dese posto de traballo era que en urbanismo para tarefas tan importantes non se dependera de persoal de confianza do alcalde como era o cargo de xerente na antiga Xerencia Municipal de Urbanismo.

- O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao escrito rexistrado de entrada no Concello co número 5.320, do 26 de maio de 2.015 que, a continuación, se transcribe literalmente:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consecuencia de la renuncia de la actual corporación municipal a ejecutar las obras de regeneración de la playa de A Carabuxeira, e instar a Costas del Estado a que las realice a cargo del aval, la situación de la resolución del problema ha dado un cambio muy significativo y que puede suponer nuevos retrasos.

Mientras el aval no seu executado supone un coste a los vecinos de sanxenxo (digo vecinos y no contribuyentes pues el dinero sale de Nauta y no de los impuestos municipales) propietarios reales de Nauta, de un importe anual aproximado de 11.000 € en concepto de intereses que devenga en aval. Ese es otro motivo para acelerar la ejecución de la regeneración de la playa.

En la nueva situación el Concello de Sanxenxo se ha convertido de responsable de tener que realizar las obras, como dueño de Nauta, a ser otro perjudicado más por el desastre ecológico ocurrido en la playa de Carabuxeira. La actual Corporación y siguiendo la estela de su antecesora, no cesa en promulgar el interés que tienen en la regeneración de la playa de Carabuxeira, pero los hechos reales es que se han desprendido del problema, y eso seguramente se traducirá en nuevos retrasos.

Por todo ello, el Concello de Sanxenxo debe promover y gestionar acciones dirigidas a que la regeneración de la playa de Carabuxeira se realice de inmediato y **NO ESCUDARSE EN QUE AHORA ESTA EN MANOS DE COSTAS DEL ESTADO**, al igual que desde hace años lo vienen haciendo unos pocos vecinos de la zona que si bien hasta la fecha no han conseguido el objetivo, si al menos han conseguido que las autoridades pertinentes no se olviden del Asunto, al menos se han movido y no desprendido del problema pasándose a otro.

PREGUNTA 1.

HABIENDOSE DESPRENDIDO LA ACTUAL CORPORACIÓN MUNICIPAL DE LA TAREA DE REGENERACIÓN DE LA PLAYA DE CARABUXEIRA, **¿QUÉ GESTIONES TIENEN PREVISTO DESARROLLAR ANTE COSTAS DEL ESTADO O ANTE PORTOS DE GALICIA, A QUIENES MIEMBROS DE LA ACTUAL CORPORACIÓN MUNICIPAL HAN CONSIDERADO TAMBIÉN RESPONSABLES, PARA QUE LA CITADA REGENERACIÓN PUEDA REALIZARSE EN 1 AÑO EN LUGAR DE MAYORES RETRASOS?**, ES DECIR PARA QUE PUEDA CONSIDERARSE COMO UNA CONTINUACIÓN DE LAS GESTIONES YA AVANZADAS Y REALIZADAS POR LA ANTERIOR CORPORACIÓN, Y NO PERDER MÁS TIEMPO. Sanxenxo, a 26 de Maio de 2016.”.

O **Sr. Alcalde** contestou que o concelleiro que fixo a pregunta sabía a situación, porque formaba parte do Consello de Administración de Nauta e aludiu que existían controversias respecto a se esta sociedade debía asumir a total responsabilidade, polo que se tratou de clarificar isto, indicando que no seu día foron denunciados ante a Fiscalía e tamén deron traslado a Costas e a Xunta, manifestando que non están dispostos a asumir con cargo a Nauta o 100% do custe do sucedido, tal e como se explicita nun informe encargado ao efecto. O **Sr. Agís Balboa** precisou que non estivo nos últimos Consellos de Administración de Nauta e que tamén existían informes xurídicos que indicaban o contrario do apuntado polo **Sr. Alcalde**.....

-O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao escrito rexistrado de entrada no Concello co número 5.321, do 26 de maio de 2.015 que, a continuación, se transcribe literalmente:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Veciños de San Esteban de Noalla metiu por rexistro recentemente dous documentos referentes a situación da “antiga casa-cuartel de Noalla”.

A Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo incoa expediente para declarar a chamada “antiga casa-cuartel” de Noalla como ruína o 09 de setembro de 2008 (expte: 08.197-O) que finaliza o 17 de febreiro do 2009 cando dita Presidencia declara como ruína e ordena a demolición de dita antiga casa-cuartel.

A empresa afectada presenta un recurso contencioso administrativo no Xulgado nº 3 de Pontevedra (procedemento ordinario nº 132/09) e recíbese a sentenza firme nº 088/2010 o 23 de marzo de 2010 que desestima o recurso. Sen embargo, esto non afecta a suspensión da demolición ata que se resolva o expediente de “inclusión da antiga casa cuartel de Noalla, no lugar de Casal (Sanxenxo), no inventario xeral

de patrimonio cultural de Galicia”, incoado o 24 de xuño de 2009 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

Pasados xa case 7 tantos anos creo que a Dirección Xeral de Patrimonio xa tivo tempo mais que suficiente de resolver dita petición, así como o concello de averiguar en que quedou dita situación. Mentres esto non se resolve dito edificio está case a caer e pon en perigo a seguridade dos veciños/as.

PREGUNTA 2.

¿Fixo o concello os trámites pertinentes para saber cal é a resposta da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo respecto a incluír ou non dita “antiga casa-cuartel” no inventario xeral de patrimonio cultural de Galicia?. Sanxenxo, a 26 de Maio de 2016.”

O Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, contestou dicindo que a pregunta se axustaba á realidade en termos xerais e que, efectivamente, o expediente estaba caducado dende o 12 de xuño de 2012 e que, aínda que se comunicou ao Concello o 14 de ese mesmo mes, non figura tal documento no expediente, engadindo que se se pode levar a cabo a demolición.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as cero horas do día 31 de maio de 2.016, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**